

RESOLUCIÓN

Expediente núm.: 103/2024

Resolución con número e data establecidos á marxe

Procedemento: Festas (Planificación, Organización ou Celebración)

FEITOS E FUNDAMENTOS DE DEREITO

Co obxectivo de apoiar e fomentar as festas tradicionais e populares convócase as bases do concurso de disfraces de entroido 2024 para o día 12 de febreiro.

Vistas as bases elaboradas polo persoal técnico da concellería de cultura.

Vista a existencia de crédito e o informe de fiscalización da intervención municipal.

No exercicio das atribucións que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985 do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local adóptase a seguinte:

RESOLUCIÓN

Primeiro.- Aprobar as bases que rexirán o concurso de disfraces e que se transcriben no anexo.

Segundo.- Publicar o anuncio do concurso no Boletín Oficial da Provincia e as bases na sede electrónica do Concello de Ortigueira.

RECURSOS/ALEGACIÓNS

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, pode interpor alternativamente recurso de reposición potestativo ante o mesmo órgano que a ditou, no prazo de UN MES a contar desde o día seguinte ao da recepción desta notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; ou ben interpor directamente recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de FERROL no prazo de DOUS MESES, a contar desde o día seguinte ao da recepción desta notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Si optásese por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio administrativo

Todo iso sen prexuízo de que poida interpor calquera outro recurso que puidese estimar máis conveniente ao seu dereito.

Información de interese



Poderá exercer os seus dereitos recoñecidos no artigo 53 da Lei 39/2015, de 2 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas accedendo á sede electrónica desta entidade <http://ortigueira.sedelectronica.es/carpetaelectronica>

En Ortigueira, na data indicada na marxe
O alcalde

Dilixencia de Secretaría Xeral

Para facer constar que , para os efectos do disposto no artigo 3.2.e) do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional e no Decreto 24/2018, do 15 de febreiro, sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas; esta resolución foi incluída no Libro Oficial de Resolucións deste Concello na data da miña sinatura.

O secretario xeral

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE



BASES DO CONCURSO DE DISFRACES ORTIGUEIRA 2024

O Concello de Ortigueira convoca para o Entroido 2024 un concurso de disfraces, que se celebrará o luns 12 de febreiro, de conformidade coas seguintes bases:

PRIMEIRO.- Poderán participar: disfraces individuais, parellas e tríos, grupos de 4 a 10 integrantes, grupos de 11 ou máis integrantes e asociacións ou centros educativos do municipio.

SEGUNDO.- O desfile terá lugar o luns 12 de febreiro de 2024 ás 20:00 h. A inscrición será gratuíta. Tódolos que desexen participar deberán inscribirse antes das 14:00 horas do venres 9 de febreiro, no Concello de Ortigueira ou chamando ao teléfono 981 40 00 00. Poderán inscribirse o propio día 12 de febreiro na Biblioteca Municipal "Fernández Latorre" de 19:30 a 20.00 horas e debe facer constar:

- Nome, apelidos, dirección, número de documento de identidade ou número de identificación fiscal, teléfono, correo electrónico, domicilio a efectos de notificación, nome da comparsa, número de membros, temática da comparsa e municipio ao que pertence e firma.

- NO CASO DE MENORES (CATEGORÍA INDIVIDUAL): Nome, apelidos, dirección e DNI do representante legal do menor, teléfono e correo electrónico.

- NO CASO DE ASOCIACIÓNS: Nome, CIF e razón social da Asociación, nome, apelidos e DNI do representante, teléfono e correo electrónico.

TERCEIRO.- Os concursantes deberán recoller na Biblioteca Municipal "Fernández Latorre" o número de orde que levarán nun lugar visible do disfraz. Todos eles deberán participar obrigatoriamente no desfile que sairá ás 20:00 h. dende a Biblioteca Municipal ata o Cantón de Ortigueira, seguindo a orde asignada pola organización e respectando as paradas á ritmo do desfile.

CUARTO.- Os concursantes que non figuren no listado oficial ou se presenten fora do prazo estipulado poderán participar no desfile pero non no concurso.

QUINTO.- Establécense as seguintes categorías:

-Individual:

Na modalidade individual só poderán participar os maiores de 12 anos.

-Parella ou Trío:

Na modalidade parella ou trío poderán participar os menores de 12 anos sempre que vaian acompañados dun adulto tamén disfrazado ca mesma temática.

-Grupos de 4 a 10 integrantes

Dirixido a grupos de calquera idade. No caso de que haxa algún menor de 12 anos deberá ir, como mínimo, un adulto debidamente disfrazado ca mesma temática, acompañando o grupo.

-Grupos de máis de 11 integrantes



Dirixido a grupos de calquera idade. No caso de que haxa algún menor de 12 anos deberá ir, como mínimo, un adulto debidamente disfrazado ca mesma temática, acompañando o grupo.

-Asociacións ou Centros Educativos do municipio

A modalidade de disfraces de asociacións ou centros educativos está destinada á participación de grupos vinculados aos distintos centros educativos ou asociacións pertencentes ao termo municipal de Ortigueira, valorándose o traballo en grupo, interxeracional e a participación colectiva.

Para participar nesta modalidade será obrigatorio un mínimo de 10 integrantes, sendo a maior parte deles socios do colectivo ao que representan.

A inscrición nesta categoría é excluínte do resto de categorías.

SEXTO.- No caso de menores de idade as inscricións e recollidas de premios deberán ser efectuadas por un adulto.

SÉTIMO.- Establécense os seguintes premios:

-Individual:

1º Premio: 200 euros.

2º Premio: 100 euros.

3º Premio: 50 euros.

-Parella ou trío:

1º Premio: 250 euros.

2º Premio: 100 euros.

3º Premio: 75 euros.

-Grupos de 4 a 10 integrantes:

1º Premio: 500 euros.

2º Premio: 200 euros.

3º Premio: 100 euros.

-Grupos de 11 integrantes ou máis:

1º Premio: 800 euros.

2º Premio: 400 euros.

3º Premio: 200 euros.

-Asociacións ou Centros educativos do Municipio:

1º Premio: 600 euros

OITAVO.- O pago dos premios efectuaranse mediante transferencia bancaria á persoa física ou xurídica gañadora que o grupo asigne.

No caso de menores de idade efectuarase a unha conta bancaria da que sexa titular o pai, nai ou titor/a legal do/da menor

Será necesario a presentación de certificación bancaria de titularidade da conta e certificados de non ter débedas con Seguridade Social, Facenda Galega e administración tributaria.



Concello de Ortigueira

Os pagos de importes superiores a 301€ terán unha retención 19% do IRPF.

NOVENO.- O Xurado estará formado polo Alcalde ou Concelleiro en quen delegue, persoal dos distintos departamentos do Concello e representantes de distintas Asociacións do Concello ou ou persoas con coñecementos artísticos nomeados polo Alcalde do Concello de Ortigueira.

DÉCIMO.- Os membros do Xurado non poderán en ningún caso participar neste concurso.

UNDÉCIMO.- O xurado estará observando e valorando as presentación e posta en escea dos disfraces no Cantón (Rúa Luciano Pita).

DUODÉCIMO.- O tempo de duración da coreografía que se exhiba, deberá estar comprendido aproximadamente entre 2 e 4 minutos ca finalidade de non ralentizar a mostra, podendo a organización deter a exhibición e dar paso á seguinte se esta se prolongase máis do debido.

*Nota: Na zona de presentación dos disfraces, haberá a disposición dos participantes un equipo de son adecuado e un técnico para a reprodución da música das coreografías de cada disfraz. Os participantes deberán traen a súa música nun pendrive en formato MP3 (formateado só ca canción a usar para a exhibición) e facilitala ao técnico co tempo e instrucións necesarias para a correcta presentación. **A organización non se responsabiliza do mal funcionamento dos dispositivos.***

DÉCIMO TERCEIRO.- Durante o desenvolvemento do desfile, o Xurado valorará:

- O vestiario e estética dos participantes
- A creatividade na realización dos disfraces así como o traballo e orixinalidade.
- A posta en escea e animación.
- E calquera outro criterio que estime conveniente o Xurado.

DÉCIMO CUARTO.- O Xurado poderá declarar deserto calquera dos premios no caso de considerar que os disfraces non reúnen as condición precisas. Tamén poderá modificar os premios, en caso de non haber unanimidade, ou en caso de empate. O fallo do Xurado será inapelable.

DÉCIMO QUINTO.- Todos os participantes (incluída a totalidade dos grupos e comparsas e asociacións ou centros educativos) deberán estar presentes fisicamente na entrega dos premios para optar aos mesmos, exceptuando menores, que non se esixirá a súa presenza por cuestións de horario.





Concello de Ortigueira

DÉCIMO SEXTO.- No caso de que por razóns climatolóxicas non puidese realizarse o percorrido, será trasladado á carpa instalada na explanada da Alameda.

DÉCIMO SÉTIMO.- GRUPOS CON CARROZA: No caso de carrozas tiradas por un vehículo, este deberá contar co permiso de circulación, ITV en regra e seguro correspondente, baixo a responsabilidade da persoa inscrita no concurso.

DÉCIMO OITAVO.- A participación no concurso de disfraces implica a aceptación destas bases.

DÉCIMO NOVENO.- As presentes bases publicaranse no BOP da Provincia de A Coruña e na sede electrónica do Concello de Ortigueira.

